



# MEMORIA 2019

<b>1. Presentación</b>	<b>4</b>	<b>3. Balance do exercicio económico</b>	<b>38</b>	<b>4. Balance de ejecución de obra pública</b>	<b>60</b>
<b>1.1.</b> Introducción		<b>3.1.</b> Comentario aos estados financeiros		<b>4.1.</b> Obras portuarias maiores	60
ao sistema portuario galego	4	do exercicio 2019	38	<b>4.2.</b> Investimentos menores	74
<b>1.2.</b> Consello de Administración do		<b>3.1.1.</b> Conta do resultado		<b>4.3.</b> Outras obras menores por zonas	
ente público Portos de Galicia	14	Económico-patrimonial	38	administrativas	80
<b>1.3.</b> Informe da presidenta	16	<b>3.1.2.</b> Balance de situación	39	Zona norte	80
		<b>3.1.3.</b> Cadro de financiamento	40	Zona centro	84
		<b>3.2.</b> Conta do resultado económico		Zona sur	93
		patrimonial	41		
<b>2. Resumo anual de tráfico portuarios</b>	<b>20</b>	<b>3.3.</b> Balance de situación	42		
<b>2.1.</b> Mercadorías	20	<b>3.4.</b> Cadro de financiamento	44		
<b>2.2.</b> Pesca fresca	26	<b>3.4.1.</b> Variación do capital circulante	45	<b>5. Balance de planificación e explotación portuaria</b>	<b>96</b>
<b>2.3.</b> Náutica de recreo	28	<b>3.5.</b> Liquidación do orzamento		<b>5.1.</b> Concesións e autorizacións vixentes	96
<b>2.3.1.</b> Prazas de amarre	28	de ingresos	47	<b>5.2.</b> Delimitación de espazos	
<b>2.3.2.</b> Tránsitos	34	<b>3.5.1.</b> Ingresos correntes. Taxas por		e usos portuarios	134
<b>2.4.</b> Pasaxe	36	prestacións de servizos portuarios	48	<b>5.3.</b> Plans especiais de ordenación	
		<b>3.5.2.</b> Facturación por movementos		portuaria	136
		de pesca fresca e mercadorías	51	<b>5.4.</b> Convenios	137
		<b>3.6.</b> Liquidación do orzamento			
		de gastos	52	<b>6. Obxectivos 2020</b>	<b>138</b>
		<b>3.6.1.</b> Gastos en bens correntes			
		e servizos	53		
		<b>3.7.</b> Resultado orzamentario	54		
		<b>3.8.</b> Outra información	56		
		<b>3.8.1.</b> Persoal contratado	56		
		<b>3.8.2.</b> Contratación administrativa	57		
		<b>3.9.</b> Datos estatísticos	59		
		<b>3.9.1.</b> Evolución histórica			
		do investimento	59		

# 1. Presentación


## 1.1. INTRODUCCIÓN AO SISTEMA PORTUARIO GALEGO

### O sistema portuario galego

Ao longo dos seus 1.720 quilómetros de costa, a nosa Comunidade Autónoma conta con 128 portos. Deles, a Xunta de Galicia, a través do ente público Portos de Galicia, da Consellería do Mar, xestiona directamente 122. Os outros 6, de maior dimensión e de interese xeral do Estado, dependen do Ministerio de Fomento e son xestionados por cinco Autoridades Portuarias: Vigo, Marín, Vilagarcía, A Coruña e Ferrol-San Cibrao.

### Portos de Galicia

O ente público Portos de Galicia, dotado de personalidade xurídica e patrimonio propio, ten encomendadas as competencias de planificación, construción, explotación, conservación e mellora dos 122 portos dependentes da Xunta de Galicia.



### Organización territorial

O gran número de portos e a súa distribución xeográfica é a razón pola que a organización territorial de Portos de Galicia está artellada en catro centros de traballo:

- Servizos Centrais, emprazados en Santiago de Compostela.
- Zona Norte, xestiona 21 portos desde Ribadeo ata Redes (Ares).
- Zona Centro, xestiona 50 portos desde Mugaros ata Rianxo.
- Zona Sur, xestiona 41 portos desde Pontecesures ata Tui.



**Portos**  
de Galicia

**122**

instalacións

**16**

quilómetros de  
diques de abrigo

**31**

quilómetros de peiraos  
cun calado máximo  
de 9 metros

**10.400**

prazas de amarre para  
embarcacións deportivas

**14.136**

prazas de pantaláns

**16.431.950**

metros cadrados  
de superficie total

**3.199.489**

metros cadrados  
de superficie terrestre


**5.055.000**

metros cadrados de  
superficie total lámina de  
auga abrigada

### Actividades e datos relevantes

Nas instalacións portuarias de Galicia, desenvólvense tres tipos de actividades:

- ➔ As relacionadas coa pesca e o marisqueo.
- ➔ As comerciais, coa carga e descarga de diversas mercadorías (pasta de papel, dunita, aceiro, tónidos conxelados...) a través de oito portos: Ribadeo, Burela, Celeiro, Cariño, Sada, Cee, Ribeira e A Pobra.
- ➔ As náutico-deportivas. Estas, en crecente demanda, supoñen na actualidade un catalizador para o sector turístico en Galicia e, por conseguinte, un importante dinamizador económico.
- ➔ As de pasaxe. Focalizado en grande medida na provincia de Pontevedra, onde se localizan as únicas liñas regulares de tráfico de pasaxeiros, ademais das recreativas de maior afluencia de usuarios. Tamén se rexistra de xeito puntual nalgúns portos da costa da Coruña e Lugo.



Zona NORTE



- PORTO
- Ares
- Bares
- Burela
- Cariño
- Cedeira
- Espasante
- Foz
- Maniños (Barallobre)
- Morás
- Mugardos
- Nois
- O Barqueiro
- Ortigueira
- Portocelo
- Redes
- Ribadeo
- Rinlo
- San Cibrao
- Seixo
- O Vicedo
- Viveiro-Celeiro

**Oficinas Portos de Galicia**


Praza de Europa 5A - 6º.  
15707 Santiago de Compostela

Avenida do Porto, 5-1º  
15006 A Coruña

Rúa Pastor Díaz, 13, 1º  
27002 Lugo

Rúa Victor Said Armesto, 1, 1º e 2º  
36002 Pontevedra

## Zona CENTRO



### PORTO

A Pobra do Caramiñal  
Aguiño  
Ameixida  
Ancados  
Barallobre  
Barizo  
Betanzos  
Boa  
Bodión  
Cabana  
Cabo de Cruz  
Caión  
Camariñas  
Camelle  
Castiñeiras  
Cee  
Corcubiión  
Corme  
Corrubedo  
Escarabote  
Esteiro  
Ézaro  
Fisterra  
Freixo  
Laxe

### PORTO

Lorbé  
Malpica  
Mañóns  
Mera  
Miño  
Muros  
Muxía  
Neda  
Noia  
O Pindo  
O Son  
Palmeira  
Ponteceso  
Pontedeume  
Portocubelo  
Portosín  
Razo  
Rianxo  
Ribeira  
Sada-Fontán  
San Pedro de Visma  
Santa Cruz  
Suevos  
Taragoña  
Testal

## Zona SUR

### PORTO


A Guarda  
A Toxa  
Aguate  
Aldán  
Arcade  
Baiona  
Beluso  
Bueu  
Carbodeiro  
Cambados  
Campelo  
Cangas  
Canido  
Carril  
Cesantes  
Cobres  
Combarro  
Covelo  
Embarcadoiro Miño  
Goián  
Illa de Arousa  
Lourido (Poio)  
Meira

### PORTO

Meloxo  
Moaña  
O Campo  
O Grove  
Panxón  
Pasaxe  
Pedras Negras  
Pontecesures  
Pontevedra  
Portonovo  
Raxó  
San Miguel de Deiro  
Santa María de Oia  
Sanxenxo  
Tragove  
Vilaboia  
Vilanova de Arousa  
Vilaxoán



# CONFRARIAS DE PESCADORES



- A Guarda
- Aguiño-Carreira
- Aldán-Hío
- Arcade
- Ares e S. Vicente
- Baiona
- Barallobre
- Bueu
- Burela
- Cabo de Cruz
- Caión
- Camariñas
- Cambados
- Camelle
- Cangas
- Cariño
- Carril
- Cedeira
- Celeiro
- Corcubión
- Corme
- Espasante
- Ferrol
- Fisterra
- Foz
- Illa de Arousa
- Laxe
- Lira-Carnota
- Lorbé
- Lourizán
- Malpica
- Marín
- Mera
- Miño
- Moaña
- Mugardos
- Muros
- Muxía
- Noia
- O Barqueiro-Bares
- O Grove
- O Pindo-Carnota
- O Vicedo
- Palmeira
- Pobra do Caramiñal
- Pontevedra
- Porto do Son
- Portonovo
- Portosín
- Raxó
- Redondela
- Rianxo
- Ribadeo / Ribadeo-Rinlo
- Ribeira
- Sada
- San Cibrao
- Sanxenxo
- Vigo
- Vilagarcía de Arousa
- Vilanova de Arousa
- Vilaboa
- Vilaxoán

# PORTOS DEPORTIVOS CONCESIONADOS



- Pobra do Caramiñal
- Muros
- Illa da Toxa
- Ares
- Puerto deportivo de Baiona S.A
- Monte Real Club de Yates de Baiona
- Boiro
- Camariñas
- Cangas
- Marina Combarro
- Porto deportivo de Moaña
- Muxía
- Club Naval de Pontevedra
- Portonovo
- Portosín
- Rianxo
- Ribadeo
- Ribeira
- Sadamar
- Club Náutico de Sada
- Pedras Negras
- Nauta Sanxenxo
- Real Club Náutico de Sanxenxo
- Marina Náutica Arousa S.L
- Marina Viveiro
- Cesantes
- Escarabote
- Tui
- Bueu
- Beluso

# PORTOS COMERCIAIS



- Ribadeo
- Burela
- Celeiro
- Cariño
- Laxe
- Brens-Cee
- A Pobra do Caramiñal
- Ribeira

## 1.2. CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

### Presidenta do ente público e do consello reitor

 [Dona Susana Lenguas Gil](#)

### Director do ente público Portos de Galicia

 [Don José Ignacio Villar García](#)

### En representación da Administración Autonómica

C.M.A.T.I.

 [Don Francisco Menéndez Iglesias](#)  
22/9/2014

 [Dona María Encarnación Rivas Díaz](#)  
31/7/2009


 [Don Joaquín Macho Canales](#)  
8/2/2016


 [Don Ignacio Maestro Saavedra](#)  
10/4/2017

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

 [Dona Blanca García-Señoráns Álvarez](#)  
31/7/2009

CONSELLERÍA DO MAR

 [Dona María Isabel Concheiro Rodríguez-Segade](#)  
11/1/2016

 [Dona Susana Rodríguez Carballo](#)  
31/7/2009

CONSELLERÍA DE FACENDA

 [Don Joaquín Caballero Miranda](#)  
31/7/2009

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

 [Don Borja Vereja Fraiz](#)  
13/12/2011

 [Dona María Nava Castro Domínguez](#)  
21/2/2014

### En representación dos sectores económicos relacionados coas actividades portuarias


CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE LUGO

---

CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DA CORUÑA

 [Don Juan Antonio Quiroga Lage](#)  
10/4/2017

CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE PONTEVEDRA

 [Don Eduardo Barros Pereira](#)  
10/2/2015

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARIAS DE PESCADORES DE LUGO

 [Don Domingo Rey Seijas](#)  
31/7/2009

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARIAS DE PESCADORES DA CORUÑA

 [Dona María Josefa Crespo Fraga](#)  
31/7/2009

FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARIAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA

 [Don José Manuel Rosas Otero](#)  
22/4/2015

NÁUTICA DE RECREO


 [Don Javier Ruiz de Cortázar Díaz](#)  
31/7/2009

### En representación das Administracións Locais

ADMINISTRACIÓNS LOCAIS POLA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

 [Don Rafael Louzán Abal](#)  
16/9/2011


ADMINISTRACIÓNS LOCAIS POLA PROVINCIA DA CORUÑA

 [Don Bernardo Fernández Piñeiro](#)  
19/11/2015

ADMINISTRACIÓNS LOCAIS POLA PROVINCIA DE LUGO

 [Don Antonio Veiga Outeiro](#)  
18/2/2016

### En representación do persoal do ente público

 [Don Javier Novoa Casado](#)  
15/7/2015

### Secretario do Consello de Administración

 [Don Manuel Bautís Cheda](#)



## 1.3. INFORME DA PRESIDENTA



Nos seis meses de 2019 que desempeñei o cargo puíden reforzar, mediante as máis de 120 visitas e reunións mantidas coa comunidade portuaria un coñecemento próximo e unha análise da entidade que me permite destacar as súas fortalezas, debilidades e ameazas, así como as oportunidades de mellora.

Como fortalezas, o equipo de profesionais de ampla experiencia e capacidade de traballo, así como a profusa e intensa relación cos usuarios e sectores portuarios, que enriquecen aquelas accións a desenvolver. Este equipo, coa colaboración de toda a comunidade portuaria, asume a xestión dunha extensa rede que dá servizo local ao transcendente sector marítimo-pesqueiro galego, e cuxa ameaza e debilidade é a dispersión xeográfica que dificulta a prestación de servizos, atención e mantemento das instalacións.

Partindo destas premisas, diriximos o noso esforzo na última metade do ano en dúas liñas xerais de traballo: **mellorar a capacidade produtiva do ente e dinamizar as actuacións portuarias** orientadas a buscar unha maior eficiencia e un mellor servizo.

**Mellora da capacidade produtiva**, afondando na dinamización e reforzo duns recursos humanos que, desde a súa adecuada cualificación e coñecemento, contribúen a mellorar os servizos día a día e a quen debo agradecer o seu compromiso e dedicación. En xusta reciprocidade, avanzamos en:

- Dotación de persoal en postos vacantes, de forma que a prestación de servizos non se vexa resentida no longo prazo.
- Inicio de proceso selectivo para a dotación de gardapeiraos, persoal clave para a atención e operativa portuaria.
- Incremento da implantación e mellora do desenvolvemento dixital da entidade que, á súa vez, redunde na eficiencia, efectividade e mellora dos tempos de tramitación.

**Dinamización de actuacións portuarias**, coa implicación directa na integración das demandas do sector marítimo-pesqueiro e do colectivo de usuarios que teñen cabida no ámbito portuario. Para iso apostamos por:

- Dialogar de forma directa e fluída co sector marítimo-pesqueiro, confrarías, asociacións náuticas, concesionarios, clubs deportivos... así como cos municipios, que, en todos os casos, trasladáronnos as súas inquietudes, oportunidades de mellora e necesidades e que, en moitas ocasións, recolleamos como parte da planificación.
- Dinamizar actuacións de mantemento, priorizando aquelas que faciliten, melloren ou restitúan a calidade do servizo portuario. O esforzo realizado supuxo un incremento en gasto corrente de reparacións e conservación da orde do 35% respecto ao 2018.
- Rapidez na xestión e tramitación de obras de emerxencia motivadas polos continuos temporais acaecidos durante o inverno. Exemplos disto son a reposición da cuberta da Lonxa de Camariñas ou o abrigo do porto de Barallobre, que se restituíron en curtos prazos de tempo.

→ Impulsar a contratación para a prestación de servizos, así como execución de proxectos e construción de infraestruturas. O capítulo que se destinou finalmente a investimentos de capital incrementouse con respecto ao 2018 na orde do 62%.

Todas estas actuacións de dinamización que queremos que fomenten uns **portos sostibles e competitivos** non se implementaron en detrimento da atención ás cuestións ordinarias de funcionamento portuario. Neste sentido, séguense prestando os servizos de practicaxe nos portos de Ribadeo, Celeiro, Cariño, Cee, Ribeira e A Pobra; a limpeza de zonas portuarias de terra e auga; a recollida de residuos portuarios e MARPOL, así como a atención e vixilancia portuarias.

Pero ser **sostibles** non só implica facer o ordinario, senón tamén reforzar a nosa acción con cuestións específicas, como iniciar a análise e a auditoría das instalacións eléctricas dos portos da Coruña e Pontevedra buscando unha mellora do servizo para que sexa máis eficiente e sostible ou reforzar a ligazón e seguir inmersos no proxecto *PIMA COSTA* xunto coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. O seu obxectivo é a avaliación da vulnerabilidade ao cambio climático das costas -no noso caso, dos portos-.

A maiores, ser **competitivos** implica unha maior visión a futuro e a orientación da actividade cara á diversificación e complementación das nosas actuacións. Por iso continuamos coa planificación e deseño de instalacións de atracada e equipos de accesibilidade dentro do marco do proxecto europeo *Ecodestin\_3IN*, enmarcado no programa *INTERREG V-A España-Portugal 2014-2020*, que persegue facer máis atractivo o territorio a través do fomento e desenvolvemento do amplo valor do patrimonio natural e cultural vinculado ás rías, ríos e costas, e no que se integran, ademais, deporte e formación.

Pero nestes meses a actividade non parou, e debemos render contas sobre ela. En canto á ordenación portuaria, ao longo do 2019 aprobáronse oito documentos de Delimitación de Espazos e Usos Portuarios. Os DEUPs aprobados foron: Malpica-Barizo, Cedeira, Burela, A Pobra do Caramiñal, Laxe, Aguiño-Castiñeiras-Ameixa, Aldán e Corme-Santa Mariña de Ponteceso. En total, 37 documentos regulan 49 portos autonómicos. Ademais, comezouse a redacción de once documentos neste ámbito e iniciouse a tramitación de dous, cuxa evolución discorre de forma positiva.

En termos económicos, cabe sinalar que os ingresos por prestación de servizos portuarios mantivéronse con respecto ao 2019 nunha

cifra próxima aos 18 millóns de euros. O 28% é relativo á descarga e primeira venda de pesca fresca; o 15%, a canons por concesións e autorizacións que ocupan preto de 340.000 m<sup>2</sup> da superficie portuaria; e, na orde do 10%, atópanse tanto a náutica recreativa como as subministracións e a almacenaxe en dominio público portuario. O restante 27% repártese entre a taxa por actividade industrial en zona portuaria, tráfico de mercadorías e pasaxeiros, entrada e estada de barcos e outros servizos.

Cabe sinalar que sobre esta cifra e a evolución económica impactaron circunstancias como a redución de tráxicos en Brens-Cee, a minoración de movementos de pasta de papel en Ribadeo pola execución de melloras na planta da que procede o material ou o axuste da carga e descarga de madeira polos condicionantes fitosanitarios no mercado europeo.

En canto á náutica recreativa, o sector mantívose estable e as variacións que se reflicten débense fundamentalmente a desaxustes temporais pola subrogación da cobranza de taxas. Este pequeno matiz non embaza as cifras de movementos, xa que os tránsitos nos nosos náuticos e mariñas superaron os 10.000, tendo a día de hoxe un gran potencial para o desenvolvemento nun futuro post-covid.



A este respecto, cabe sinalar que, no momento de escribir esta memoria, estamos inmersos nunha incerteza sociosanitaria e económica provocada pola pandemia da COVID-19 que se plasmará na economía xeral e que seguramente se verá reflectida no peche do próximo exercicio 2020. Neste sentido, a adopción de medidas de flexibilidade na cobranza de taxas, a adecuación de protocolos de uso dos portos e instalacións e a procura de novas oportunidades a futuro son as liñas máis destacadas nas que traballou Portos de Galicia para atallar e minorar o impacto da

pandemia e das súas medidas de control sobre a comunidade portuaria e a súa actividade.

Consciente da incerteza e de que veñen tempos difíciles, quero reiterar aquí o meu compromiso, o do ente público e o dos seus traballadores, así como o da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, co sector marítimo-pesqueiro galego e con toda a comunidade portuaria para que este barco no que navegamos de forma común non se free ante o temporal socioeconómico que se sitúa sobre a nosa sociedade.

## 2. Resumo anual de tráficos portuarios

### 2.1. MERCADORÍAS

Os portos de titularidade autonómica moveron no ano 2019 un total de 1.487.605 toneladas de mercadorías.

Esta cifra supón un descenso en termos netos de preto de 324.270 toneladas respecto ao balance do ano 2018 e, porcentualmente, implica unha rebaixa do 17,9%.

Os movementos de mercadorías máis importantes corresponderon, respectivamente, aos portos de Cariño, con 593.997 toneladas; Ribadeo, con 417.403 toneladas, e Brens (Cee) con 203.344 toneladas.


En canto ás principais mercadorías descargadas, destaca o mineral de ferro sen aglomerar no porto de Cariño, no que se moveron máis de 574.233 toneladas; a pasta de madeira en Ribadeo, con 341.668 toneladas; o cuarzo no porto de Viveiro-Celeiro, con 106.289 toneladas; e o atún conxelado na Pobra do Caramiñal, con 97.918 toneladas.

As cifras rexistradas reflicten subas significativas como a da descarga de tñidos, co conseguinte incremento da actividade no conxunto da actividade do sector conserveiro do Barbanza ou a captación dun novo tráfico como o de fariña de sementes en Burela. Polo que respecta aos tráficos que diminúen chama a atención a baixa na madeira motivado polo descenso da exportación debido á aparición dunha plaga biolóxica en toda Europa. Tamén descenden os tráficos previstos de pasta de papel pola paralización puntual da facturía de ENCE para a súa ampliación.

#### TOTAL TONELADAS DE MERCADORÍAS POR PORTO De xaneiro a decembro de 2019

PORTO	ACUMULADO DESDE XANEIRO			
	2019	2018	VAR	DIFERENZA
A Pobra do Caramiñal	104.340,00	103.083,00	1,22%	1.257,00
Burela	37.700,86	31.539,63	19,53%	6.161,23
Cariño	593.997,91	626.390,83	-5,18%	-32.392,92
Cee	203.344,00	333.721,67	-39,07%	-130.377,67
Ribadeo	417.403,55	542.450,06	-23,06%	-125.046,51
Ribeira	23.849,00	34.923,00	-31,71%	-11.074,00
Viveiro-Celeiro	106.289,71	138.709,00	-23,38%	-32.419,29
<b>TOTAIS</b>	<b>1.486.925,03</b>	<b>1.810.817,19</b>	<b>-0,1788%</b>	<b>-323.892,16</b>

#### TOTAL TONELADAS DE MERCADORÍAS POR PORTO De xaneiro a decembro de 2019



**ESTADÍSTICA DE MERCADORÍAS (TN)**

De xaneiro a decembro de 2019

	ACUMULADO DESDE XANEIRO			
	2019	2018	VARIACIÓN	DIFERENZA
<b>A POBRA DO CARAMIÑAL</b>				
Atún conxelado, con exclusión dos filetes	97.918	93.100	5,18%	4.818
Sal, incluída a de mesa	6.422	9.983	-35,68%	-3.561
<b>TOTAL</b>	<b>104.340</b>	<b>103.083</b>	<b>1,22%</b>	<b>1.257</b>
<b>ALDÁN</b>				
Residuos	0	6	-100%	-6
<b>BURELA</b>				
Fariña de sementes	2.750,00	0	100 %	2.750,00
Madeira en bruto, de coníferas e eucalipto	34.950,86	31.539,63	10,82%	3.411,23
<b>TOTAL</b>	<b>37.700,86</b>	<b>31.539,63</b>	<b>19,53%</b>	<b>6.161,23</b>
<b>CANIDO</b>				
Residuos	0	62	-100,00%	-62
<b>CARIÑO</b>				
Cuarzo (agás as areas naturais)	10.466,00	28.081,00	-62,73%	-17.615,00
Madeira en bruto, de coníferas e eucalipto	9.298,19	29.999,83	-69,01%	-20.701,64
Minerais de ferro sen aglomerar	574.233,72	568.310,00	1,05%	5.923,72
<b>TOTAL</b>	<b>593.997,91</b>	<b>626.390,83</b>	<b>-5,17%</b>	<b>-32.392,92</b>

	ACUMULADO DESDE XANEIRO			
	2019	2018	VARIACIÓN	DIFERENZA
<b>CEE</b>				
Barcos faro, pontóns. Guindastre, diques flutuantes	0	192	-100%	-192
Coques e semicoques de hulla	75.208	122.090	-38,40%	-46.882,00
Escouras (agás granuladas)	21.612	33.254	-35,02%	-11.642,67
Ferroaleacións	52.200	86.722	-39,81%	-34.522,00
Madeira serrada ou desbastada	1.260	1.240,00	1,62%	20
Madeira en bruto, de coníferas e eucalipto	3.169	0	100%	3.169,00
Minerais de manganeso e os seus concentrados	49.895	90.223,00	-44,70%	-40.328,00
<b>TOTAL</b>	<b>203.344</b>	<b>333.721,67</b>	<b>-39%</b>	<b>-130.377,67</b>
<b>COBRES</b>				
Pertreitos e avituallamentos	0	16	-100%	-16
<b>MUROS</b>				
Moluscos aptos para a alimentación humana	540	540	0%	0
<b>PONTECESURES</b>				
Areas naturais de calquera clase	140	435	-67,75%	-294

	ACUMULADO DESDE XANEIRO			
	2019	2018	VARIACIÓN	DIFERENZA
<b>RIBADEO</b>				
Abonos minerais ou químicos, con tres elementos	4.998,38	2.238,34	123,31%	2.760,04
Abonos minerais ou químicos nitroxenados	0	149,64	-100,00%	-149,64
Areas naturais de calquera clase	0	7.207,23	-100,00%	-7.207,23
Caolín	0	31.947,23	-100,00%	-31.947,23
Carbonato de magnesio natural	30.055,83	28.455,43	5,63%	1.600,40
Fariña de sementes	11.613,50	6.098,28	90,44%	5.515,22
Guindastres	12	74	-83,79%	-62
Madeira en bruto, de coníferas e eucalipto	29.055,84	69.701,91	-58,32%	-40.646,07
Pasta mecánica de madeira	341.668,00	396.578,00	-13,85%	-54.910,00
<b>TOTAL</b>	<b>417.403,55</b>	<b>542.450,06</b>	<b>-23,05%</b>	<b>-125.046,51</b>
<b>RIBEIRA</b>				
Atún conxelado, con exclusión dos filetes	18.546,00	29.598,00	-37,35%	-11.052,00
Sal, incluída a de mesa	5.303,00	5.325,00	-0,42%	-22
<b>TOTAL</b>	<b>23.849,00</b>	<b>34.923,00</b>	<b>-31,71%</b>	<b>-11.074,00</b>
<b>VIVEIRO-CELEIRO</b>				
Cuarzo (agás as areas naturais)	106.289,71	138.388,70	-23,20%	-32.098,99
Partes destinadas a motores	0	320,3	-100,00%	-320,3
<b>TOTAL</b>	<b>106.289,71</b>	<b>138.709,00</b>	<b>-23,37%</b>	<b>-32.419,29</b>


## NÚMERO DE MERCANTES POR PORTO

De xaneiro a decembro de 2019

PORTO	2019	2018	% VARIACIÓN
Ribadeo	135	170	-20,59%
Cariño	85	87	-2,30%
Cee	58	86	-32,56%
A Pobra do Caramiñal	34	34	0,00%
Viveiro-Celeiro	14	19	-26,32%
Ribeira	12	14	-14,29%
Burela	11	7	57,14%
<b>TOTAL</b>	<b>349</b>	<b>417</b>	<b>-16,31%</b>

## NÚMERO DE MERCANTES POR PORTO

2019 / 2018



## 2.2. PESCA FRESCA

Respecto á descarga de pesca fresca, nos peiraos dependentes da Xunta de Galicia descargáronse no ano pasado 89.239 toneladas de peixe, un 11,1% menos que en 2018.

Os peiraos con maior volume de descarga de pesca fresca foron: Ribeira, con 27.573 toneladas; Burela, con 17.518 toneladas; e Celeiro-Viveiro, con 13.154 toneladas.

A descarga de pesca fresca nos peiraos autonómicos en 2019 supuxo un importe total da venda en lonxa de 284 millóns de euros, un 5,5% menos que no ano anterior.



de peixe descargado  
nos peiraos da Xunta  
de Galicia



▼ -11,1% \*

Ribeira

27.573 Ton.

Burela

17.518 Ton.

Celeiro-Viveiro

13.154 Ton.

**284**

millóns de euros  
de venda en lonxa

▼ -5,5% \*



\* respecto a 2018

### ESTADÍSTICA DE PESCA. XANEIRO A DECEMBRO DE 2019

Total quilogramos e euros. Portos de Galicia

PORTO	KG ANO 2019	KG ANO 2018	% VAR. KG	EUROS ANO 2019	EUROS ANO 2018	% VAR. EUROS
Ribeira	27.573.458,69	28.740.958,36	-4,06%	40.502.612,48	43.443.931,45	-6,77%
Burela	17.517.518,02	19.851.757,42	-11,76%	63.715.351,92	68.706.495,31	-7,26%
Celeiro	13.154.149,43	14.132.115,42	-6,92%	44.891.987,60	49.302.500,85	-8,95%
Portosín	5.717.864,77	8.645.870,90	-33,87%	4.770.054,85	6.815.843,52	-30,02%
Camariñas	4.187.291,79	5.205.675,53	-19,56%	4.384.116,22	5.346.157,96	-18,00%
Noia	2.769.086,50	2.622.902,70	5,57%	20.721.116,64	19.510.800,23	6,20%
Portonovo	2.288.047,22	3.190.411,35	-28,28%	2.332.627,30	2.745.012,54	-15,02%
Malpica	1.520.081,28	778.168,74	95,34%	3.095.398,77	2.486.700,29	24,48%
Cedeira	1.230.073,39	1.196.632,39	2,79%	6.143.625,75	6.589.213,17	-6,76%
Cambados	1.222.331,59	1.510.451,31	-19,08%	7.713.891,62	7.892.448,12	-2,26%
Carril	1.209.970,68	817.064,82	48,09%	10.106.585,90	8.178.059,20	23,58%
Muros	984.184,28	3.003.815,16	-67,24%	3.312.316,32	5.867.428,42	-43,55%
Cariño	869.585,49	1.214.519,10	-28,40%	2.228.594,54	2.409.661,21	-7,51%
O Grove	824.922,73	781.897,16	5,50%	8.670.224,27	8.239.745,87	5,22%
Rianxo	823.240,05	457.427,82	79,97%	5.884.057,60	4.095.895,59	43,66%
A Illa de Arousa	756.785,30	889.527,00	-14,92%	6.237.579,55	6.992.600,02	-10,80%
Bueu	701.909,75	999.702,04	-29,79%	3.485.514,56	3.989.056,66	-12,62%
Campelo	612.670,04	724.304,15	-15,41%	6.043.706,11	7.462.370,42	-19,01%
Fisterra	540.544,25	471.637,85	14,61%	3.130.863,32	2.833.373,77	10,50%
Vilanova	438.567,64	452.776,93	-3,14%	4.397.496,95	4.564.900,97	-3,67%
Cabo de Cruz	343.592,95	283.290,30	21,29%	4.238.400,71	3.485.410,22	21,60%
Gangas	336.593,35	367.006,26	-8,29%	3.860.399,85	4.177.478,97	-7,59%
Laxe	336.130,35	339.457,38	-0,98%	1.414.630,35	1.652.274,67	-14,38%
Aguiño	282.818,30	506.261,20	-44,14%	3.421.146,02	3.072.002,23	11,37%
Arcade	220.704,70	254.185,15	-13,17%	2.344.086,11	2.514.354,89	-6,77%
Moaña	176.559,40	184.840,44	-4,48%	1.906.714,47	1.794.620,06	6,25%
A Guarda	149.200,27	126.695,89	17,76%	1.527.715,34	1.388.143,99	10,05%
Baiona	141.742,90	158.923,90	-10,81%	1.813.735,84	2.174.828,10	-16,60%
<b>TOTAL</b>	<b>86.929.625,11</b>	<b>97.908.276,67</b>	<b>-11,21%</b>	<b>272.294.550,96</b>	<b>287.731.308,70</b>	<b>-5,36%</b>

## 2.3. NÁUTICA DE RECREO

### 2.3.1. PRAZAS DE AMARRE

Ao longo dos 1.720 quilómetros de costa, Portos de Galicia xestiona 73 instalacións náutico- recreativas de maneira directa ou a través de concesións administrativas, aglutinando máis de 10.400 prazas de atraque cun índice de ocupación medio anual que se sitúa preto do 80%.

Polo seu modelo de xestión, destas 73 instalacións, 17 correspóndense con concesións de construción e explotación; 12 con concesións unicamente de explotación; 2 contan con autorizacións estivais e 42 son xestionadas directamente por Portos de Galicia.



PORTO	TIPO DE XESTIÓN	XESTOR	PRAZAS TOTAIS PORTO BASE	PRAZAS DE TRÁNSITO (DISPONÍBLES TODO O ANO)	PRAZAS DE TRÁNSITO (ADICIONAIS VERÁN)
Ribadeo	Concesión de explotación	Real Club Náutico de Ribadeo	642	28	---
Foz	Xestión directa	Portos de Galicia	156	---	---
Burela	Xestión directa	Portos de Galicia	95	---	---
Celeiro	Xestión directa	Portos de Galicia	98	---	---
Viveiro	Concesión de explotación	Fomento de Iniciativas Náuticas (Marina Viveiro)	240	25	---
Vicedo	Xestión directa	Portos de Galicia	131	---	---
Ortigueira	Xestión directa	Portos de Galicia	136	---	---
Cariño	Xestión directa	Portos de Galicia	98	---	---
Barallobre	Xestión directa	Portos de Galicia	66	---	---
Mugardos	Xestión directa	Portos de Galicia	121	---	---
Ares	Concesión de explotación	Club Náutico Ría de Ares	345	8	18
Ares	Xestión directa	Portos de Galicia	18	---	---
Pontedeume	Xestión directa	Portos de Galicia	68	---	---
Miño	Xestión directa	Portos de Galicia	107	---	---
Sada	Xestión directa	Portos de Galicia	289	---	---
Sada	Concesión de construción e explotación	Club Náutico de Sada	313	(*)	---
Sada	Concesión de construción e explotación	Puerto Deportivo de Sada, S.L. (Sadamar)	699	(*)	---

Continúa na páxina seguinte >>

&lt;&lt; Vén da páxina anterior

PORTO	TIPO DE XESTIÓN	XESTOR	PRAZAS TOTAIS PORTO BASE	PRAZAS DE TRÁNSITO (DISPONIBLES TODO O ANO)	PRAZAS DE TRÁNSITO (ADICIONAIS VERÁN)
San Pedro de Visma	Xestión directa	Portos de Galicia	47	---	---
Suevos	Xestión directa	Portos de Galicia	22	---	---
Caión	Xestión directa	Portos de Galicia	92	---	---
Razo	Xestión directa	Portos de Galicia	35	---	---
Malpica	Xestión directa	Portos de Galicia	55	---	---
Malpica	Xestión directa	Portos de Galicia	8	---	---
Barizo	Xestión directa	Portos de Galicia	12	---	---
Corme	Xestión directa	Portos de Galicia	68	---	---
Laxe	Xestión directa	Portos de Galicia	32	---	---
Camariñas	Xestión directa	Portos de Galicia	19	---	---
Camariñas	Concesión de explotación	Club Náutico de Camariñas	83	5	18
Muxía	Concesión de explotación	Cataventos Escola de Vela (Marina Muxía)	201	16	---
Fisterra	Xestión directa	Portos de Galicia	86	---	---
Corcubión	Xestión directa	Portos de Galicia	19	---	---
Muros	Xestión directa	Portos de Galicia	142	---	---
Muros	Concesión de explotación	Muport, S.L.	202	12	14
Esteiro	Autorización de explotación (estival)	Club Náutico Esteiro	16	---	16
O Freixo	Xestión directa	Portos de Galicia	154	---	---
Testal	Xestión directa	Portos de Galicia	40	---	---
Portosín	Xestión directa	Portos de Galicia	84	---	---
Portosín	Concesión de construción e explotación	Real Club Náutico de Portosín	208	(*)	---



PORTO	TIPO DE XESTIÓN	XESTOR	PRAZAS TOTAIS PORTO BASE	PRAZAS DE TRÁNSITO (DISPONIBLES TODO O ANO)	PRAZAS DE TRÁNSITO (ADICIONAIS VERÁN)
Porto do Son	Xestión directa	Portos de Galicia	78	---	---
Ribeira	Xestión directa	Portos de Galicia	63	---	---
Ribeira	Concesión de construción e explotación	Club Náutico Deportivo de Ribeira	259	(*)	---
Palmeira	Xestión directa	Portos de Galicia	33	---	---
A Pobra do Caramiñal	Xestión directa	Portos de Galicia	63	---	---
A Pobra do Caramiñal	Concesión de explotación	Muport, S.L.	310	25	---

Continúa na páxina seguinte &gt;&gt;



&lt;&lt; Vén da páxina anterior

PORTO	TIPO DE XESTIÓN	XESTOR	PRAZAS TOTAIS PORTO BASE	PRAZAS DE TRÁNSITO (DISPONIBLES TODO O ANO)	PRAZAS DE TRÁNSITO (ADICIONAIS VERÁN)
<b>Escarabote</b>	Xestión directa	Portos de Galicia	22	---	---
<b>Escarabote</b>	Concesión de construción e explotación	Club Náutico Deportivo de Barraña	134	(*)	---
<b>Cabo de Cruz</b>	Xestión directa	Portos de Galicia	22	---	---
<b>Cabo de Cruz</b>	Concesión de construción e explotación	Club Náutico de Boiro	160	(*)	---
<b>Rianxo</b>	Autorización de construción e explotación	Club Náutico de Rianxo	126	16	---
<b>Vilaxoán</b>	Xestión directa	Portos de Galicia	24	---	---
<b>Vilanova de Arousa</b>	Concesión de explotación	Marina Náutica Arousa	233	18	---
<b>Cambados (Sto. Tomé)</b>	Xestión directa	Portos de Galicia	68	---	---
<b>A Toxa</b>	Concesión de construción e explotación	Club Náutico Isla de La Toja	59	(*)	---
<b>O Grove</b>	Xestión directa	Portos de Galicia	25	---	---
<b>Pedras Negras</b>	Autorización de explotación	Club Náutico San Vicente do Mar	134	10	---
<b>Portonovo</b>	Xestión directa	Portos de Galicia	36	---	---
<b>Portonovo</b>	Concesión de explotación	Club Náutico de Portonovo	203	22	---
<b>Sanxenxo</b>	Concesión de construción e explotación	Real Club Náutico de Sanxenxo	69	(*)	---
<b>Sanxenxo</b>	Concesión de construción e explotación	Nauta Sanxenxo, S.L.	400	(*)	---

PORTO	TIPO DE XESTIÓN	XESTOR	PRAZAS TOTAIS PORTO BASE	PRAZAS DE TRÁNSITO (DISPONIBLES TODO O ANO)	PRAZAS DE TRÁNSITO (ADICIONAIS VERÁN)
<b>Combarro</b>	Concesión de construción e explotación	Combarro Mar, S.A.	327	(*)	---
<b>Pontevedra</b>	Concesión de construción E explotación	Club Naval de Pontevedra	142	(*)	---
<b>Aguete</b>	Autorización de explotación (estival)	Club de Mar de Aguete	20	---	20
<b>Bueu</b>	Xestión directa	Portos de Galicia	63	---	---
<b>Bueu</b>	Concesión de construción e explotación	Asociación 7ª Lista Robaleira	53	---	---
<b>Beluso</b>	Xestión directa	Portos de Galicia	59	---	---
<b>Cangas</b>	Concesión de explotación	Real Club Náutico Rodeira	265	27	---
<b>Moaña</b>	Concesión de construción e explotación	Club Social Moñamar	365	(*)	---
<b>Arcade</b>	Xestión directa	Portos de Galicia	92	---	---
<b>Cesantes</b>	Concesión de construción e explotación	Club Náutico Illa de San Simón	205	---	---
<b>Baiona</b>	Xestión directa	Portos de Galicia	401	---	---
<b>Baiona</b>	Concesión de construción e explotación	Monte Real Club de Yates de Bayona	250	(*)	---
<b>Baiona</b>	Concesión de construción e explotación	Puerto Deportivo de Baiona, S.A.	344	(*)	---
<b>Tui</b>	Autorización de explotación	Club Náutico San Telmo	98	1	---
<b>TOTAIS</b>			<b>10.452</b>	<b>213</b>	<b>86</b>

## 2.3.2. TRÁNSITOS

A entidade pública impulsa a chegada aos portos galegos de navegantes foráneos a través de diversas accións promocionais do sistema portuario galego, que se traduciron nos últimos anos nun incremento notable do número de tránsitos -embarcacións que recalán nos peiraos galegos de xeito puntual- pasando durante a última década de 4.000 a 10.000 embarcacións anuais.

Os portos de titularidade autonómica de Galicia de xestión indirecta recibiron 10.095 barcos en tránsito durante o ano 2019, segundo os datos facilitados polos propios xestores. Deste xeito, a costa galega confirma a consolidación desta actividade portuaria que superara xa en 2018 o teito dos 10.000 tránsitos. Polo que respecta ás procedencias das embarcacións en tránsito, maioritariamente foron estranxeiras, con predominancia das francesas, británicas e irlandesas. En canto á época do ano de maior actividade, o 75% da actividade concéntrase nos meses estivais de xuño, xullo, agosto e setembro.

Nunha análise porto a porto, o peirao que recolleu maior número de tránsitos foi o de Muros, con 1.351.

PORTO	TRÁNSITOS 2019
Muros	1.351
Combarro	801
Viveiro	750
A Pobra	742
Muxía	740
Baiona PD	725
Sanxenxo	717
Camariñas	600
Baiona MCY	566
Ribadeo	478
Portonovo	439
Pedras Negras	358
Moaña	298
Ribeira	282
Portosín	279
Cabo de Cruz	248
Cangas	237
Ares	180
RCN Sanxenxo	109
Sada CN	108
Rianxo	51
Sada MS	21
Vilanova	15
<b>TOTAL</b>	<b>10.095</b>

Tal como indican as asociacións sectoriais, a media de pernoitas por cada embarcación en tránsito que se recibe en Galicia é de 1,5 e, segundo as estimacións estandarizadas na náutica europea, o volume de negocio que xeran estas embarcacións é duns 200 euros por cada pernoita.

Deste xeito, en base ao dato de 10.095 tránsitos recibidos, o volume de negocio no sector auxiliar da náutica de recreo ao longo de 2019 superaría os **3 millóns de euros**.

## 2.4. PASAXE

Un total de 16 portos autonómicos operaron tráfico de pasaxeiros ao longo do ano 2019. A saber:

LUGO:


- ⚓ Ribadeo
- ⚓ Viveiro

A CORUÑA:

- ⚓ Mugardos
- ⚓ Fisterra
- ⚓ Cee

PONTEVEDRA:

- ⚓ Baiona
- ⚓ Bueu
- ⚓ Gangas
- ⚓ Cesantes
- ⚓ San Adrián de Cobres
- ⚓ Moaña
- ⚓ O Grove
- ⚓ Corbaceiras
- ⚓ Portonovo
- ⚓ Tragove
- ⚓ Vilanova de Arousa



No conxunto destes peiraos contabilizáronse un total de 1.554.969 pasaxeiros.

Por zonas administrativas rexistráronse as seguintes cifras:

Lugo: **14.152 pasaxeiros.**

A Coruña: **3.238 pasaxeiros**

Pontevedra: **1.537.579 pasaxeiros.**

Dos que 1.038.388 embarcaron no peirao de Cangas, que opera a liña de transporte regular co porto de Vigo.

# 3. Balance do exercicio económico

## 3.1. COMENTARIO AOS ESTADOS FINANCEIROS DO EXERCICIO 2019

### 3.1.1. CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL

No exercizo 2019 a **Cifra de ingresos de xestión ordinaria** experimentou un lixero crecemento sobre o exercicio anterior, acadando unha cifra de facturación que se sitúa case nos 18 millóns de euros.

Deste importe, 14,7 millóns de euros corresponden a ingresos por prestación de servizos portuarios, 2,8 millóns a ingresos por canones de uso del dominio público portuario, concesións e autorizacións e 0.5 millóns a actuacións profesionais o outros ingresos de xestión ordinaria.

As **transferencias e subvencións** traspasadas ao resultado do exercicio ascenderon a 12,4 millóns de euros.



Respecto dos gastos de funcionamento dos servizos (30,2 millóns de euros), **ou gastos de explotación**, destacar o incremento dos servizos exteriores nun 17%, debido fundamentalmente as partidas de reparacións conservación, mantemento e limpeza dos portos. Por outra banda reducense as dotacións para amortizacións do inmovilizado así como as provisións para insolvencias que compensan a subida doutros gastos de xestión.

A partida de **pérdas e gastos extraordinarios** e doutros exercizos redúcese de xeito importante pasando de 0,5 a 0,1 millóns de euros.

Por último o **resultado do exercicio** é positivo 0,07 millóns de euros.



### 3.1.2. BALANCE DE SITUACIÓN

➔ **No Activo**, sinalamos un incremento dos debedores e contas a cobrar do 39,7%.

➔ **No Pasivo**, destacamos como en anos anteriores, a ausencia de endebedamento externo. Cadro de financiamento

### 3.1.3. CADRO DE FINANCIAMENTO

Os recursos xerados polas operacións (*cash flow*) foron 4 millóns de euros, cifra inferior a obtida no ano 2018.

As subvencións de capital devengadas, procedentes da Comunidade Autónoma, ascenderon a 4,8 millóns de euros, cantidade equivalente ao 49% do importe presupostado para o exercicio.

Os novos investimentos en inmovilizado se sitúan nos 7,2 millóns de euros o que representa un incremento do 71% sobre o ano anterior.

Como consecuencia do anterior, no ano 2019 cantidade na que aumenta o capital circulante ou fondo de maniobra, cifra que a 31 de decembro de 2019 ascende a 16,8 millóns de euros.



## 3.2. CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL

31 de decembro de 2019

GASTOS	31/12/2019	31/12/2018	% VAR	INGRESOS	31/12/2019	31/12/2018	% VAR
<b>1. Gastos de funcionamento dos servizos e prestacións sociais</b>				<b>INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA</b>			
Gastos de persoal	4.506.073	4.423.490	2%	<b>1. Prestación de servizos portuarios</b>			
Dotacións para amortización do inmovilizado	16.040.838	16.969.313	-5%	Actuacións profesionais	224.082	83.526	168%
Variación de provisións de tráfico	276.649	736.381	-62%	Prezos públicos por prestación de servizos	14.768.816	14.621.224	1%
Outros gastos de xestión	9.426.512	8.077.026	17%	Concesións e autorizacións	2.790.192	2.804.703	-1%
Gastos financeiros e asimilables	71	50	43%		<b>17.783.089</b>	<b>17.509.454</b>	<b>0%</b>
	<b>30.250.143</b>	<b>30.206.259</b>	<b>0%</b>	<b>2. Outros Ingresos da xestión ordinaria</b>			
				<b>Outros intereses e ingresos asimilados</b>			
<b>2. Gastos por transferencias e subvencións</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>11%</b>	Outros intereses	72.200	100.594	-28%
				Outros ingresos	139.664	100.824	39%
<b>3. Perdas e gastos extraordinarios</b>					<b>211.864</b>	<b>201.418</b>	<b>5%</b>
Perdas procedentes do inmovilizado	0	0		<b>3. Transferencias e subvencións</b>			
Gastos extraordinarios	255	333.488	-100%	Transferencias correntes	379.281	413.761	
Gastos e perdas doutros exercicios	123.517	132.251	-7%	Subvención de capital trans. ao resultado	12.0061.309	12.911.052	-7%
	<b>123.772</b>	<b>465.739</b>	<b>-73%</b>				
Variación de provisións de tráfico				<b>4. Ganancias e ingresos extraordinarios</b>			
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>30.439.895</b>	<b>31.088.922</b>	<b>-1%</b>	Ingresos e beneficios de exercicios anteriores	4.352	53.238	-92%
<b>Resultado do exercicio (Aforro)</b>	<b>65.981</b>	<b>416.925</b>					
				<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>30.439.896</b>	<b>31.088.923</b>	<b>-2%</b>
				<b>Resultado do exercicio (Desaforro)</b>			

**3.3. BALANCE DE SITUACIÓN**

31 de decembro de 2019

ACTIVO	31/12/2019	31/12/2018	% VAR
<b>A) Inmobilizado</b>			
I. Inversións destinadas ao uso xeral	0	0	-
II. Inmobilizacións inmateriais	163.899	165.754	-1,1
III. Inmobilizacións materiais	251.427.102	260.266.384	-3,4
	<b>251.591.002</b>	<b>260.432.138</b>	<b>-3,4</b>
<b>B) Gastos a distribuír en varios exercicios</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>11%</b>
<b>C) Activo circulante</b>			
II. Debedores	18.205.855	13.028.505	39,7
III. Investimentos	255	333.488	55,0
IV. Tesourería	123.517	132.251	-23,8
	<b>21.483.532</b>	<b>17.321.096</b>	<b>24,0</b>
<b>TOTAL ACTIVO (A+B+C)</b>	<b>273.074.534</b>	<b>277.753.234</b>	<b>-1,7</b>

PASIVO	31/12/2019	31/12/2018	% VAR
<b>A) Fondos propios</b>			
I.1. Patrimonio recibido en adscrición	94.599.305	94.599.305	-
I.2. Patrimonio entregado ao uso xeral	-4.877.316	-4.877.316	-
III. Resultados negativos de exerc. anter.	-24.914.223	-25.331.148	-1,6
IV. Resultado do exercicio	65.981	416.925	-84,2
	<b>64.873.747</b>	<b>64.807.766</b>	<b>0,1</b>
<b>B) Ingresos a distribuír en varios exercicios</b>	<b>203.391.459</b>	<b>210.697.442</b>	<b>-3,5</b>
<b>C) Acredores a longo prazo</b>	<b>120.203</b>	<b>2.649</b>	<b>-</b>
<b>C) Acredores a curto prazo</b>	<b>4.689.125</b>	<b>2.245.377</b>	<b>108,8</b>
<b>TOTAL PASIVO (A+B+C+D)</b>	<b>273.074.534</b>	<b>277.753.234</b>	<b>-1,7</b>

### 3.4. CADRO DE FINANCIAMENTO

31 de decembro de 2019

Os recursos financeiros obtidos, así como a súa aplicación, e o efecto que tales operacións tiveron sobre o capital circulante, son os seguintes:

FINANCIAMENTO	EUROS	
	2019	2018
<b>APLICACIONES</b>		
Adquisicións de inmovilizado:	7.199.701,76	4.222.525,28
Inmovilizacións inmatriciais	71.882,81	5.220,00
Inmovilizacións materiais	7.127.818,95	4.217.305,28
Cancel. a c/prazo de débedas a l/prazo	(117.554,64)	0,00
<b>TOTAL APLICACIÓNS</b>	<b>7.202.350,58</b>	<b>4.222.525,28</b>
Exceso de orixes sobre aplicacións	0,00	0,00
Aumento do capital circulante	1.718.688,89	4.026.443,43
<b>ORIXES</b>		
Recursos procedentes das operacións de xestión	4.045.510,28	4.475.185,05
Subvencións de capital recibidas	4.755.325,73	3.773.783,66
Ingresos a distribuír reversións de concesións (Nota 6)	0,00	0,00
Incremento de débeda a longo prazo	0,00	0,00
<b>TOTAL ORIXES</b>	<b>8.800.836,01</b>	<b>8.248.968,71</b>
Exceso de aplicacións sobre orixes (diminución do capital circulante)	-	-

#### 3.4.1. VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE

##### DETALLE DA VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE POR EPÍGRAFES DO BALANCE


VARIACION DO CAPITAL CIRCULANTE	EUROS			
	EXERCICIO 2019		EXERCICIO 2018	
	AUMENTO	DIMINUCIÓN	AUMENTO	DIMINUCIÓN
Debedores	5.181.190,55		0,00	1.018.708,70
Acredores		2.443.747,55	1.987.193,62	0,00
Administracións públicas			0,00	0,00
Outras contas non bancarias			0,00	0,00
Fianzas e depósitos recibidos curto prazo			0,00	0,00
Tesourería		1.018.754,11	3.057.958,51	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>5.181.190,55</b>	<b>3.462.501,66</b>	<b>5.045.152,13</b>	<b>1.018.708,70</b>
Variación do capital circulante	<b>1.718.688,89</b>		<b>4.026.443,43</b>	

### 3.5. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

31 de decembro de 2019 / 31 de decembro de 2018

#### Estado de liquidación do Orzamento a 31 de decembro de 2019 Resultado orzamentario

CONCEPTO	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS NETAS	IMPORTE
1.(+) Operacións non financeiras	23.129.560,24	21.132.357,38	1.997.202,86
2.(+) Activos financeiros			
3.(+) Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
<b>I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2+3)</b>	<b>23.114.929,52</b>	<b>21.224.334,69</b>	<b>1.997.202,86</b>
<b>II. VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCIEROS</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>III. SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I+II)</b>			<b>1.997.202,86</b>
4.(+) Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería			830.000,00
<b>IV. SUPERAVIT DE FINANCIACIÓN DO EXERCICIO</b>			<b>2.827.202,86</b>





### 3.5.1. INGRESOS CORRENTES. TAXAS POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS PORTUARIOS


31 de decembro de 2019

CAP. III-TAXAS E OUTROS INGRESOS		CRÉDITOS DEFINITIVOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS		% DE EXECUCIÓN	% DE VARIACIÓN
INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA		2019	ANO 2019	ANO 2018		
X-1	Entrada e estadía de barcos	826.200	738.181	774.878	89%	-5%
X-2	Atraque	652.800	673.646	679.797	103%	-1%
X-3	Mercadorías e pasaxeiros	1.632.000	1.378.480	1.526.328	84%	-10%
X-4	Pesca fresca	4.900.000	5.084.637	4.860.258	104%	5%
X-5	Embarcacións deportivas	2.165.000	1.952.480	2.196.696	90%	-11%
E-1	Guindastres	3.060	9.030	1.121	295%	705%
E-2	Almacenaxe, locais e edificios	1.530.000	1.660.502	1.730.603	109%	-4%
E-3	Subministracións	1.632.000	1.839.797	1.468.414	113%	25%
E-4	Servizos diversos	45.000	43.778	41.177	97%	6%
ACIS	Actividades comerciais e industriais	1.350.000	1.388.285	1.341.950	103%	3%
Canones	Concesións e autorizacións	2.652.000	2.790.192	2.804.703	105%	-1%
Taxas	Actuacións profesionais	400.000	224.082	83.526	56%	168%
Outros	Outros ingresos da xestión ordinaria	77.717	211.864	254.560	273%	-17%
<b>TOTAIS</b>		<b>17.865.777</b>	<b>17.994.954</b>	<b>17.764.014</b>	<b>101%</b>	<b>1%</b>

#### INGRESOS CORRENTES. TAXAS POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS PORTUARIOS

Dereitos recoñecidos netos.

31 de decembro de 2019 / 31 de decembro de 2018



#### Tarifa X-1.

##### ENTRADA E ESTADÍA DE BARCOS

Esta tarifa abrangue a utilización das augas do porto, instalacións de sinais marítimos e balizamento, canles de acceso, esclusas (sen excluír o amarre, remolque ou sirgaxe nelas) e pontes móbiles, obras de abrigo e zonas de ancoraxe.

#### TARIFA X-2.

##### ATRAQUE

Esta tarifa abrangue o uso das obras de atraque e elementos fixos de amarre e defensa.

#### TARIFA X-3.

##### MERCADORÍAS E PASAXEIROS

Esta tarifa abrangue a utilización das augas do porto e bacías, accesos terrestres, vías de circulación, zonas de manipulación e estacións marítimas e servizos xerais de policía.

#### TARIFA X-4.

##### PESCA FRESCA

Esta tarifa abrangue a utilización polos buques pesqueiros en actividade e os produtos da pesca marítima fresca, das augas do porto, instalacións de balizamento, peiraos, bacías, zonas de manipulación e servizos xerais ou de policía.

#### TARIFA X-5.

##### EMBARCACIÓNS DEPORTIVAS E DE RECREO

Esta tarifa abrangue a utilización polas embarcacións deportivas e de recreo, e polos seus tripulantes e pasaxeiros, das augas do porto e das súas instalacións e servizos.

#### TARIFA E-1.

##### GUINDASTRES DE PÓRTICO

Esta tarifa abrangue a utilización dos guindastres de pórtico convencionais ou non especializados.

**TARIFA E-2. ALMACENAXE, LOCAIS E EDIFICIOS**  
Esta tarifa abrangue a utilización de explanadas, alpendres, galpóns, almacéns, depósitos, locais e edificios, cos seus servizos xerais correspondentes, non explotados en réxime de concesións.


**TARIFA E-3. FORNECEMENTOS**  
Esta tarifa abrangue o valor dos produtos ou enerxía fornecidos e a utilización das instalacións para a prestación deles.

